

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 18

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 27 de DECEMBRO de 2017, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (Ordinaria do 25.10 e extraordinarias do 16.11.2017).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento do Concello para o ano 2018. Expte. 49/142 (Rexistro Pleno 1673/1101).

URBANISMO

- 3.-** Modificación do uso dotacional dunha parcela municipal (núm. Inventario Provisional 4352 na rúa Romil núm. 77 de dotacional escolar a dotacional deportiva para a remodelación cunha nova instalación deportiva. Expte. 16241/411 (relacionado expte. 4849/440). Rexistro Pleno 1662/1101.
- 4.-** Aprobación inicial da Modificación puntual do Inventario dos bens integrantes do Patrimonio Municipal do Solo. Expte.1900/433. Rexistro Pleno 1674/1101.

Mocións:

- 5.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xefatura Territorial de Pontevedra a que remita o estudo da zonificación escolar da cidade de Vigo para ser debatido pola comunidade educativa e por tódolos sectores representativos. Rexistro Pleno 1677/1101.
- 6.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando a Administración Educativa competente a realizar un plan de investimentos en infraestruturas escolares públicas para manter no ensino uns estándares de calidade, confortabilidade e seguridade. Rexistro Pleno

1678/1101.

- 7.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando ao goberno central que presente un proxecto de Lei ante as Cortes Xerais para reformar o imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Rexistro Pleno 1679/1101.

PARTE DE CONTROL

- 8.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 9.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

Mocións.

- 10.-** Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo contra o proxecto urbanístico coñecido como "Porto Cabral" e acordos complementarios. Expte. 1669/1101.
- 11.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando a comparecencia do Alcalde para dar explicacións sobre a xestión que se está a facer da potabilidade da auga na cidade e en especial nos centros de ensino público. Rexistro Pleno 1675/1101.
- 12.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a acometer de xeito urxente as actuacións necesarias para modernizar a rede de abastecemento da auga, garantindo a súa calidade, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1676/1101.
- 13.- Formulación de rogos.**
- 14.- Formulación de preguntas.**

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E SETE, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.